


ESCRIBIR NUN DOCUMENTO PDF


Para poder escribir nun documento gardado en formato PDF, por exemplo para facer unha ficha de exercicios, empregaremos o aplicativo XOURNAL.

Os pasos a seguir son:

1. Abrir o "Xournal que se atopa dentro de menú aplicativos no apartado "Accesorios"




2. Unha vez no Xournal para abrir o documento PDF debes escoller no menú "Archivo" a opción "Anotar un archivo PDF".




ESCRIBIR NUN DOCUMENTO PDF

3. No xestor de ficheiro escolle o arquivo PDF que no que vas a traballar.

4. Para poder escribir no documento tes que seleccionar  a icona que se atopa na barra de ferramentas




5. A continuación pica no lugar do documento na que queres escribir. Tras facelo amosarase o cadro de escritura.



Repite o proceso en todos os lugares da ficha na que queres escribir.

- Para cambiar o tipo e/ou o tamaño da letra tes que picar sobre



e escoller o tipo e o tamaño da letra na xanela emerxente.

ESCRIBIR NUN DOCUMENTO PDF




- Para cambiar a cor da letra tes escoller a cor picando nos cadros da parte superior . Ten en conta que o último cadro amosa a cor que está seleccionada.



- Para borrar ou modificar o que escribiches, tes que picar enriba do texto para que se active o cadro de escritura. Se borras todos os caracteres desaparece o cadro.

7. Para gardar o PDF co que escribiches tes que escoller no menú "Archivo" a opción "Exportar a PDF".



ESCRIBIR NUN DOCUMENTO PDF


8. A continuación busca no xestor de ficheiros o lugar onde queres gardar o documento PDF e escribe o seu nome. Lembra que a súa extensión ten que ser “.pdf”

No exemplo o documento chámase “ortografia.pdf” e vai a ser gardado no escritorio.



9. Pica en “Guardar”

10. Finalmente pecha o “Xournal”. No cadro no que pregunta se queres gardar os cambios debes marcar “Descartar”



Nota: Dependendo da versión do Xournal instalado no ordenador os nomes dos menús e os botóns poden estar escritos en castelá (coma nas imaxes deste manual) ou en galego, inglés...